



## MEMORIA XUSTIFICATIVA

*A publicar no Perfil de Contratante, artigo 63.3 a da LCSP*

Expediente electrónico: 2023/C003/000007

Código da obra: 2020.2102.0375.0

Contrato: obras

Obra: **Reurbanización de tramo de la avenida de Santiago-Concello de Santa Comba (AC-406, P.K.28+950 a P.K. 29+270), (proxecto modificado)**

Asunto: memoria xustificativa

Departamento: Contratación

Plan: POS+2020 AD2

Procedemento: procedemento aberto simplificado

### 1 Obxecto do contrato

A execución das obras que abrangue o proxecto: **Reurbanización de tramo de la avenida de Santiago-Concello de Santa Comba (AC-406, P.K.28+950 a P.K. 29+270), (proxecto modificado)**

Orzamento de contrata	351236,36 € (21 % incluído)
Prazo de execución	3 meses
Redactor do proxecto	Gustavo Vázquez Herrero, enxeñeiro de camiños, canles e portos
Colexiado núm.	17803
Plan provincial	Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2020 (Plan Único de Concellos), POS+2020 AD2 (en adiante POS+2020 AD2)
Aprobación proxecto	Pleno da Corporación municipal do 13/02/2023
Aprobación Plan	Pleno da Deputación A Coruña do 28/04/2023
Implantación previa	xaneiro de 2023
CPV	45233252: <i>Traballos de pavimentación de rúas</i> 45231300 <i>Traballos de construción de tubaxes para auga e augas residuais</i>

### Antecedentes

No ano 2019 redactouse o proxecto orixinal para dar resposta ás necesidades existentes na Avenida de Santiago e lograr un espazo urbano de calidade. No devandito proxecto propónse unha reurbanización da devandita avenida mediante o desenvolvemento de obras de pavimentación e de dotación de servizos. Así mesmo, tamén se recollen as actuacións de aliñación de eixos e acordos entre as beirarrúas proxectadas e as existentes nos cruzamentos co resto das rúas, dotando de continuidade ao itinerario peonil.

Logo da licitación das obras definidas no proxecto mencionado en xullo de 2022 con expediente 2020/C003/000010, o procedemento de contratación quedou deserto, polo que se propón a redacción dun proxecto modificado de *Reurbanización do tramo da Avenida de Santiago (AC-406) desde o PK 28 950 ao PK 29 270*.

As diferenzas entre o proxecto modificado e o orixinal consisten na actualización dos prezos a valores de mercado actual e a redución do ámbito de actuación do mesmo.

### 2 Descrición da situación actual

No proxecto se indica a situación actual.

### 3 Finalidade que se persegue

- a) a finalidade fundamental que se persegue é o cumprimento e a realización dos fins municipais que sinalan os artigos da Lei de bases de réxime local e a Lei de administración local de Galicia como competencias propias e dos servizos mínimos:

- o artigo 25.1 da LBRL e o artigo 80.1 da LALGA: promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.
- o artigo 25.2 da LBRL:
  - c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.
  - d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.
- o artigo 80.2.I da LALGA: o abastecemento de auga, a iluminación pública, os servizos de limpeza viaria, a recollida e o tratamento de residuos, a rede de sumidoiros e o tratamento de augas residuais;
- o artigo 81 da LALGA: abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación e conservación das vías públicas...

b) Os obxectivos específicos do contrato constan na xustificación técnica do proxecto.

A contratación deste investimentos mediante un contrato de obras é a forma máis idónea e eficiente para conseguir os fins municipais, xa que logo non se conta cos medios persoais e humanos para realizar estes investimentos.

#### 4 Marco normativo

- Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 158 e as disposicións adicionais segunda, terceira e décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, (BOP núm. 272 do 09/11/2017), (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, (BOP núm. 118 do 15/05/2009).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, (artigos vixentes logo da entrada en vigor do Real decreto 817/2009, do 8 de maio), (BOP núm. 257 do 26/10/2001).
- As Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2020 (Plan Único de Concellos), POS+2020 AD2, que aprobou o Pleno da Deputación provincial da Coruña na sesión realizada o 25/10/2019 e publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 208 de 31/10/2019.
- Os pregos de cláusulas administrativas particulares, (PCAP), referente ao procedemento aberto *simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática* comprendidos en planos provinciais e outras obras provinciais, que aprobou a o Pleno da Deputación provincial da Coruña en sesión realizada o 26/02/2021 (BOP núm. 42 do 04/03/2021).
- As circulares e instrucións da Deputación provincial da Coruña referentes a este plan.

#### 5 A análise técnica. As consideracións técnicas e requirimentos

Constan no proxecto técnico aprobado.

#### 6 Valor estimado e o financiamento

Prezo do contrato		Financiamento e retención de crédito	
Valor estimado	290277,98	Estado	0
IVE	60958,38	Xunta de Galicia	0
Total	351236,36	Deputación A Coruña	268031,03
		Fondos propios	83205,33
Partida orzamentaria	151 61900	Retención de crédito	09/09/2020-27/04/2023
Núm. Operación	220200008865/220230002726	Referencia núm.	22020001062 22023000790

#### 7 Análise do Procedemento

## 7.1 A xustificación da elección do procedemento

a) O procedemento de adxudicación: procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, non suxeito a regulación harmonizada.

b) A xustificación da elección do procedemento:

- O contrato da obra non está suxeito a regulación harmonizada xa que logo o valor estimado non é igual ou superior a 5.538.000 € (artigo 20.1 da LCSP).
- A adxudicación realizarase, ordinariamente, usando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor calidade-prezo, ao abeiro dos artigos 131, 156 e seguintes da LCSP, e usando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido (artigo 131.2 da LCSP).
- A escolla do procedemento aberto se motiva por ser un dos procedementos ordinarios establecidos pola Lei, xunto co restrinxido, e por ser o que goza de máis transparencia e atrae unha maior concorrencia competitiva. Se procura cumprir os principios que se establecen no artigo 1.1 da LCSP.
- No procedemento aberto todo empresario poderá presentar unha proposición e quedará excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores (artigo 156.1 da LCSP).
- Non se atende única e exclusivamente ao prezo máis baixo. A adxudicación dos contratos realizarase usando unha pluralidade de criterios de adxudicación na base da mellor relación calidade-prezo (artigo 145 da LCSP).
- A mellor relación calidade-prezo se avaliará de acordo a criterios económicos e cualitativos (artigo 145.2 da LCSP).
- *Non existe impedimento legal algún para que se establezan parámetros obxectivos que afecten a criterios dependentes dun xuízo de valor. A finalidade que persegue a norma que suxeita a unha presunción de anormalidade a determinadas proposicións dos licitadores non é outra que a de garantir que aquelas son viables en canto á súa execución en caso de resultar adxudicatarias. Resulta evidente que a condición extremadamente baixa do prezo pode producir esta circunstancia, pero tamén é certo que a oferta pode converterse en inviable, por exemplo, como consecuencia dunha proposta non asumible desde o punto de vista técnico.*  
*Por tanto, a valoración de viabilidade da oferta, no caso de diferentes criterios de adxudicación, debe referirse a varios deles, os máis relevantes e que permitan ter unha visión obxectiva e completa do problema da viabilidade do cumprimento do contrato.*  
*Finalmente, se esa visión de conxunto refírese a unha licitación na que teñen un peso relevante os criterios suxeitos a un xuízo de valor, por exemplo no aspecto técnico ou de calidade da proposición, non cabe dúbida de que o mandato expreso do lexislador de referir os parámetros obxectivos que deberán permitir identificar os casos en que unha oferta considérese anormal á oferta considerada no seu conxunto esixe incluír os criterios suxeitos a xuízo de valor na análise (Informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, expediente 113/18).*
- A aplicación de máis dun criterio de adxudicación procederá, en todo caso, na adxudicación dos contratos nos que o órgano de contratación considere que a definición da prestación é susceptible de ser mellorada por outras solucións técnicas ou por reducións no prazo de execución (artigo 145.3.b da LCSP).
- O prego de cláusulas administrativas particulares, (en diante PCAP), que se usará obrigatoriamente, foi aprobado polo Pleno da Deputación provincial da Coruña, en sesión do 26/02/2021 (BOP núm. 42 do 04/03/2021), xa que logo a obra está incluída nun plan provincial e foi delegada a contratación neste concello. Nos pregos mencionados se determinan uns criterios de adxudicación e a valoración que realizarán os órganos de contratación municipais.

c) A tramitación: ordinaria.

Para os efectos do cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia e competitividade, o procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos



de valor e criterios de apreciación automática, anunciarse no Perfil de Contratante municipal (artigo 156.6 da LCSP e a cláusula 10 PCAP).

## 7.2 Cualificación do contrato

Contrato de obras (artigo 13 da LCSP).

## 7.3 Análise de execución, ou non, por lotes (artigo 116.4.g da LCSP)

Este investimento debe ser adxudicado a un único licitador, sen posibilidade de división en lotes, de acordo co establecido no parágrafo 5 da Base 2.3 reguladora do POS+2020 e de acordo co contido dos anexos V e IX xa presentados por este concello para cada investimento.

O/a alcalde/sa no decreto núm.: **1557/2019 do 18/12/2019**, logo de xustificar os motivos e baseado nos informes técnicos, resolveu non dividir en lotes o obxecto do contrato.

O contrato desta obra non se executará por lotes.

## 7.4 Duración

3 meses

## 7.5 Revisión de prezos

A duración da obra é inferior aos dos anos polo que non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos deste contrato e por iso non se aplicará fórmula ningunha de revisión, ao abeiro do artigo 103.5 da LCSP.

## 7.6 Clasificación. Medios de acreditar a solvencia técnica, económica e financeira (art. 116.4.b da LCSP)

Non se esixe clasificación de contratistas, tendo en conta o valor estimado deste contrato de obras, ao abeiro do artigo 77.1 da LCSP.

A clasificación para acreditar/substitúe a solvencia:

Grupo : **G** (viarios e pistas)  
Subgrupo : **6** (obras de viarios sen cualificación específica)  
Categoría : **2** (se á contía é superior a 150.000 e inferior ou igual a 360.000 €)

Se a empresa non estiver clasificada deberá acreditar a solvencia mediante a achega desta documentación prevista no PCAP aprobados expresamente pola Deputación provincial da Coruña en sesión realizada o 26/02/2021 (BOP núm. 42 do 04/03/2021):

### “7.2.1 Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, o licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica (cláusula 16 deste prego) do seguinte modo:

A. Empresas españolas e empresas estranxeiras non pertencentes a Estados membros da Unión Europea: Poderán optar:

A.1 Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no anexo I, epígrafe 8.

A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo e importe que aqueles para os que se obtivo e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión desta.

A.2. Mediante a acreditación da solvencia económica e financeira a que se refire o apartado 7.2.1.a), e a acreditación da solvencia técnica a que se refire o apartado 7.2.1. b).

B. Para todas as empresas con independencia da súa nacionalidade: No caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia.

### 7.2.1 a. Solvencia económica e financeira

#### 7.2.1.a.1 Medios

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios:

- a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas polo importe que sexa igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato. Considerarase acreditada a solvencia se o volume de negocios anual esixido é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

- b) Patrimonio neto ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obrigación de aprobación de contas anuais.  
Considerarase acreditada a solvencia se o importe do patrimonio neto é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.
- c) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no orzamento do contrato  
Considerarase acreditada a solvencia se o seguro cobre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato.

#### **7.2.1.a.2. Acreditación documental**

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante:

- a) Volume de negocios e patrimonio neto: A achega das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito neste rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar rexistrado. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.
- b) Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais: A achega de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

#### **7.2.1.a.3 Acreditación da solvencia económica e financeira por calquera outro documento.**

Cando por unha razón válida, o operador económico non estea en condicións de presentar as referencias solicitadas polo órgano de contratación, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que o poder adxudicador considere apropiado (art. 86.1, parágrafo 3. LCSP).

#### **7.2.1.b. Solvencia técnica**

##### **7.2.1.b.1. Regra xeral.**

A solvencia técnica do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios, seguindo a enumeración do artigo 88 da LCSP:

- a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.  
Estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados comunicaraos directamente a autoridade competente ao órgano de contratación.  
Para estes efectos, as obras executadas por unha sociedade estranxeira filial do contratista de obras terán esta consideración que as directamente executadas polo propio contratista, sempre que este último desempeñe directa ou indirectamente o control daquela nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio. Cando se trate de obras executadas por unha sociedade estranxeira participada polo contratista sen que se cumpra esta condición, só se recoñecerá como experiencia atribuíble ao contratista a obra executada pola sociedade participada na proporción da participación daquel no capital social desta.  
Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.
- b) Declaración na que se indique o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para executar as obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.
- c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras así como dos técnicos encargados directamente desta
- d) O apartado d) do artigo 88 LCSP non será de aplicación no presente contrato, sen prexuízo do disposto no anexo V.
- e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.  
Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) e e) cando o persoal técnico, e a titulación académica e profesional, o persoal medio sexa adecuado e proporcionado á natureza e orzamento da obra.

##### **7.2.1.b. 2.Regra específica para as empresas de nova creación:**

Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) c) e e) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra.

##### **7.2.2. Integración da solvencia con medios externos.**

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar e de acordo cos requisitos establecidos no art. 75 LCSP.

## **7.7 Criterios base para a adxudicación do contrato (artigo 116.4.c da LCSP). Criterios sociais e medioambientais (artigo 1.3 e 145 da LCSP)**



O procedemento elixido: procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, non suxeito a regulación harmonizada.

A obra está incluída no POS+2020 AD2 da Deputación provincial da Coruña polo que os criterios de ponderación e valoración do contrato son os recollidos no anexo IV do prego de cláusulas administrativas que aprobou Pleno provincial na sesión realizada o 26/02/2021 (BOP núm. 42 do 04/03/2021):

#### ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta que o presente prego ten o carácter de prego tipo que rexerá as obras tanto de Deputación como obras de concellos comprendidas en diversos plans a puntuación que figura nel parte das seguintes premisas:

1º.- Para cada criterio de valoración establécese un abano de puntuación mínima e máxima, que determinará o órgano de contratación.

2º.- Para cada contrato específico o órgano de contratación indicará neste prego cal é a puntuación concreta do correspondente criterio de valoración, que se detallará no anexo núm. IV.II.

3º En todo caso a puntuación atribuída por todos os criterios considerados deberá estar referida como máximo a 125 puntos e como mínimo a 80 puntos. Os criterios non avaliados mediante fórmulas non poderán exceder do 44% do total de puntos, e os avaliados mediante fórmulas do 56%, e dentro deste o prezo deberá representar polo menos un 50% dos criterios avaliados mediante fórmulas.

#### FASE I

##### A) CRITERIOS NON AVALIADOS MEDIANTE FÓRMULAS

###### a) Plan de control de calidade (cláusula 12 e15)

**ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 10 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (10 PÁXINAS)**

Valorarase:

- suficiencia do control de calidade na recepción de materiais en obra
- Idoneidade do plan de control de calidade proposto para a obra.
- Evitar duplicidades nos controis dos ensaios que vai realizar a propia empresa e a administración.
- suficiencia do control de calidade nos procesos construtivos
- adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra

**Abano: de 0 a 15 puntos**

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

###### b) Programa de traballo (cláusula 12 e 15):

**ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 25 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (25 PÁXINAS)**

Valorarase:

- análise correcta do ámbito de actuación
- análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas
- descrición técnica adecuada dos traballos que se van realizar





- disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, colectores, maquinaria, etc)
- circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra
- calidade suficiente dos materiais que se van empregar en obra
- coherencia dos diagramas de Gantt e PERT.
- adecuación dos medios humanos asignados á obra, por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- adecuación dos medios materiais asignados á obra por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- Descrición posibles problemáticas ou desviacións durante a execución

Abano: de 0 a 20 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

**c) Programa de actuación ambiental** (cláusula 12 e 15):

**ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 15 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (15 PÁXINAS)**

Valorarase:

- análise correcta da relación da obra co medio ambiente
- análise correcta das posibles afeccións ambientais
- descrición axustada das medidas de control e corrección previstas
- adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos
- xustificación da certificación ambiental dos materiais que se van empregar
- axuste das medidas de aforro enerxético que se van adoptar
- axuste das medidas de recuperación e rexeneración ambientais que se van adoptar ao final da obra
- Informe completo da xestión dos residuos na súa trazabilidade e procesos
- Emprego de materiais con certificados sostibles, reciclados ou reciclables
- axuste doutras medidas destinadas a minorar o impacto ambiental dos traballos que se van realizar
- descrición adecuada dos vertedoiros e centros de xestión de residuos
  - axuste dos medios humanos asignados á xestión ambiental, na empresa e na obra

Abano: de 0 a 10 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN AMBIENTAL que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

**d) Esquema do Plan de seguridade e saúde** (cláusula 12 e 15):

**ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUPERIOR A 15 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (15 PÁXINAS)**

Abano: de 0 a 10 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con total	

ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

### **EXCLUSIÓNS**

As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na fase 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental, esquema do plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.

### **FASE II.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS:**

#### **II.1. OFERTA ECONÓMICA**

##### **Oferta económica:**

Abano: de 0 a 40 puntos

De acordo coa fórmula elaborada, por demanda da Deputación Provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxa desagregación, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII e na seguinte ligazón:

<https://www.dacoruna.gal/valoracion/>

#### **II.2 ESTABILIDADE NO EMPREGO**

##### **II.2.1. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.**

Abano: de 0 a 10 Puntos

Segundo a documentación que se inclúa no arquivo ou sobre electrónico C o licitador (cláusula 12), terase en conta a porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa polo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma, en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do cadro de persoal.

Para valorar este criterio o cadro de persoal deberá estar formado por un mínimo de 5 traballadores, directamente relacionados coa execución de obras en xeral.

Obterá a máxima puntuación a empresa que teña unha porcentaxe do 75% ou máis.

O resto valorarase proporcionalmente, en relación co 75%

As empresas que contén cunha porcentaxe menor do 40% de persoal fixo non se valorarán.

##### **II.2.2. Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa**

Abano de 0 a 10 puntos

O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo ou sobre electrónico C (cláusula 12), conte cunha porcentaxe de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras fixas do persoal recibirá a puntuación que se indica a continuación:

- Empresas de 25 ou menos traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as que contén cunha porcentaxe do 12% ou máis, o resto valorarase proporcionalmente
- Empresas entre 26 e 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que contén cunha porcentaxe do 10% ou máis, o resto valorarase proporcionalmente
- Empresas de máis de 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que contén con 8% ou máis, o resto non se puntuarán.

##### **II.2.3.- Contratación desempregados**

Abano de 0 a 5

O licitador que teña a maior porcentaxe de traballadores que sexan contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego





cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego conseguirá a máxima puntuación. As demais porcentaxes valoraranse proporcionalmente

### II.3 IGUALDADE

Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación.

Abano de 0 a 5 puntos

No caso de que se valore a existencia dun plan de igualdade, a empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato.

A empresa que conte con plan de igualdade acreditado ou presentado no rexistro correspondente obterá a máxima puntuación deste criterio, a empresa que non conte con plan de igualdade cualificarase con 0 puntos.

#### ANEXO IV.II: CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CONTRATO

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN	PUNTUACIÓN ASIGNADA	
CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	Plan de control de calidade	6,10	
	Programa de traballo	20,00	
	Programa de actuación ambiental	3,00	
	Esquema do Plan de seguridade e saúde	6,10	
44 %	<b>Total criterios subxectivos</b>	<b>35,20 puntos</b>	
<b>Exclusións</b> As empresas que non superen a puntuación mínima do 50 % dos puntos asignados na fase 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental, esquema do plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.			
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA	40,00	
	ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	0,00
		Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	0,00
		Contratación desempregados	0,00
	IGUALDADE	4,80	
56 %	<b>Total criterios avaliados mediante fórmulas</b>	<b>44,80 puntos</b>	
100 %	<b>Total puntuación criterios de adjudicación</b>	<b>80,00 puntos</b>	

Os criterios de desempate (cláusula 15.5 da PCAP). Para estes efectos deberán presentar a documentación que os acredite.

### 7.8 Participación licitadores e exclusión de toda negociación

No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, ao abeiro do artigo 156.1 da LCSP.

### 8 Carteis e sinais. Fotografías.

Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar pola súa conta un cartel relacionado coa obra, coas características e formato que sinala a Administración provincial (anexo I.20 "cadro de características"). Este cartel deberá manterse na obra ata



transcurrido un ano desde a formalización da acta de recepción, sendo responsable o contratista durante o prazo que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.

Transcurrido este prazo o contratista deberá proceder á retirada do cartel pola súa conta.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no código da circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

O adxudicatario deberá acompañar a cada certificación de obra as seguintes fotografías por triplicado:

- a) Do cartel da obra.
- b) Do cartel da obra e a súa contorna.

Nos dous casos deberá asinar no dorso o director da obra e constar a data da súa realización.

Na data da acta de recepción o adxudicatario deberá entregar á administración en formato dixital, acompañada de breve memoria explicativa asinada electronicamente, a reportaxe fotográfica ou o vídeo relativo ao desenvolvemento, execución e finalización das obras nas súas distintas fases.

A citada documentación poderá utilizarse pola administración libremente e sen limitación temporal.

### **9 Normativa laboral, igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal. Igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais bisexuais e intersexuais.**

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade social e en especial os convenios colectivos do sector ou empresa correspondentes.

O contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

Así mesmo o contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de igualdade de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

De igual modo deberá adoptar as medidas a que se refire a Lei 2/2014, do 14 de abril ,pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e en especial o protocolo de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e das relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, considerándose o seu cumprimento condición especial de execución, e o seu incumprimento considerárase incumprimento de obrigação esencial e causa de resolución de contrato (art. 12.8 Lei 2/2014).

O contratista está obrigado a facilitar toda a documentación acreditativa do cumprimento de todos os requisitos esixidos nesta cláusula cando llo solicite a administración, o director de obra ou o órgano de contratación. En todo caso, o contratista e a administración deberán observar a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

### **10 Condicións especiais de execución de carácter laboral e social.**

Na cláusula 27 do PCAP establécense como condicións especiais de carácter social e laboral en relación coa execución do contrato, vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias as seguintes condicións de execución:

O operador económico que resulte adxudicatario poderá optar por levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos unha das condicións de execución que se detallan a continuación:

1) Para a finalidade de favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar, establécese como condición especial de execución que o operador económico que resulte adxudicatario deberá contratar, para adscribir á execución do contrato cunha dedicación mínima do 50 %, a unha persoa dos seguintes colectivos a elección do adxudicatario:

- unha muller traballadora demandante de emprego
- unha persoa desempregada de longa duración; para estes efectos entenderase por persoa desempregada de longa duración aquela de 50 ou máis anos de idade, que na



data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estea sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de, polo menos, doce meses durante os dezaoto meses anteriores á súa contratación - unha persoa nova, menor de 30 anos, en situación de desemprego, a condición de que se atope en situación de desemprego polo menos nos tres meses anteriores á data da publicación da licitación na Plataforma de Contratación..

2) Para o fin de favorecer a formación no lugar de traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá realizar, durante o período de execución deste contrato, polo menos un curso de formación destinado ao persoal da empresa, cunha duración mínima de 8 horas en materia de capacitación laboral de carácter técnico (operador de maquinaria, albanaría, fontanería, electricidade, carpintería, montaxe de estadas, instaladores, pintura, formigonado, mantemento de estradas, movemento de terras, explanacións, asfaltados, etc).

3) Para o fin de eliminar as desigualdades entre o home e a muller no mercado laboral, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, o operador económico que resulte adxudicatario deberá establecer un programa de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas integradas na empresa.

Poderanse impor penalidades para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme o apartado 2 do artigo 76 e ao apartado 1 do artigo 202 LCSP. Estas penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total destas superar o 50 por cento do prezo do contrato.

No presente contrato aplicaranse as penalidades previstas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)

Non obstante o incumprimento desta condición especial de execución considerarase incumprimento de obrigación esencial, e en consecuencia o órgano de contratación poderá acordar a resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar

## 11 Viabilidade. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O gasto previsto atópase recollido no orzamento inicial polo que cumpre o principio de estabilidade orzamentaria.

As repercusións e para os efectos económicos se atopan supeditados ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de maneira que os gastos teñen cabida nos correspondentes orzamentos futuros da entidade e son compatibles cos posibles plans de axuste ou económico-financeiros que a entidade puidese ter en vigor.

## 12 Autorizacións sectoriais, se for o caso. Tributos e proxectos de instalacións

12.1 Consta no expediente a/s autorización/s sectorial:

Organismo/s público/s	Clave / Núm. expediente
Axencia Galega de Infraestruturas	IF204A/AC/2023/1310

As autorizacións sectoriais se sinalan no proxecto técnico. Tamén no cadro de características do anexo I do PCAP. Na publicación do anuncio de licitación acompañarase unha copia da resolución da autorización sectorial que corresponda.

12.2 O adxudicatario deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procede, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido neste apartado.

Serán por conta do adxudicatario e sen que supoña ningún custo para a administración, a realización daqueles proxectos de instalacións e equipos que no seu caso se prevegan no proxecto (electricidade, centros de transformación, aparellos elevadores, climatización, etc.), que sexan necesarios para a aprobación polos organismos competentes da administración, así como a tramitación ante estes organismos e pago das taxas correspondentes.



**13 Responsable do contrato, ao que corresponderá supervisar a execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito das facultades que aqueles lle atribúen (artigo 62.1.2 da LCSP) e a unidade encargada do seguimento e a execución ordinaria do contrato ((artigo 62.1 da LCSP).**

Nos contratos de obras, as facultades do responsable do contrato serán exercidas polo director facultativo, ao abeiro dos artigos 237 ao 246 da LCSAP.

**14 A unidade encargada do seguimento e a execución ordinaria do contrato (artigo 62.1 da LCSP).**

A alcaldesa ou concelleiro/a no/a que delegue expresamente.

### 15 Unidades tramitadoras

#### 15.1 Identificación do destinatario

Entidade local: Concello de Santa Comba  
NIF : P15078001  
Código : L01150774

#### 15.2 Órgano decisorio/Xestor

Xestor/a : a alcaldía  
Código : L01150774

#### 15.3. Identificación Unidade Contable

Unidade : a intervención  
Código : L01150774

#### 15.4. Identificación Unidade tramitadora

Unidade : a alcaldía (departamento de Contratación)  
Código : L01150774

### 16 Outros datos de interese

Obra engadida no POS+2020 AD2 da Deputación provincial da Coruña. O modelo de cartel.



A Deputación provincial da Coruña concedeu unha derradeira prórroga do prazo de execución ata o **30 de novembro de 2024**, polo que a obra deberá estar executada e xustificada nesta data.

## 17 Resumo do orzamento da obra

RESUMEN DE PRESUPUESTO			
REURBANIZACIÓN DEL TRAMO DE LA AVENIDA DE SANTIAGO (AC-406) DESDE EL PK 28+950 AL PK 29+270. SANTA COMBA			
CAPITULO	RESUMEN	IMPORTE	%
GOB	OBRAS CIVILES	104.298,56	42,76
GOB.01	TRABAJOS PRELIMINARES	150,05	
GOB.02	MOVIMIENTO DE TIERRAS	26.919,71	
GOB.04	DRENAJE	59.888,17	
GOB.05	FIRMES Y PAVIMENTOS	17.024,53	
GOB.06	ESTRUCTURAS	74,26	
GOB.07	SEÑALIZACIÓN, BALIZAMIENTO Y DEFENSAS	241,84	
GMA	MEDIDAS AMBIENTALES Y PATRIMONIALES	56,46	0,02
GMA.02	ARBOLES	56,46	
GGR	ESTUDIO DE GESTION DE RESIDUOS	16.981,16	6,96
GSS	ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD	3.379,82	1,39
GSS.01	FORMACION	367,06	
GSS.02	INSTALACIONES DE HIGIENE Y BIENESTAR	811,92	
GSS.03	EXTINCION DE INCENDIOS	43,82	
GSS.04	SEÑALIZACIÓN DE OBRA	461,52	
GSS.05	PROTECCIONES COLECTIVAS	1.273,50	
GSS.06	PROTECCIONES INDIVIDUALES	422,00	
GUR	URBANIZACIÓN	60.450,73	24,78
GUR.01	PAVIMENTOS	56.735,90	
GUR.02	MOBILIARIO	3.714,83	
GSA	SERVICIOS Y REDES	58.764,35	24,09
GSA.01	ABASTECIMIENTO	58.764,35	
PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL		243.931,08	
13,00 % Gastos generales .....		31.711,04	
6,00 % Beneficio industrial ...		14.635,86	
Suma .....		46.346,90	
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN SIN IVA		290.277,98	
21% IVA .....		60.958,38	
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN		351.236,36	
Asciende el presupuesto a la expresada cantidad de TRESCIENTOS CINCUENTA Y UN MIL DOSCIENTOS TREINTA Y SEIS EUROS con TREINTA Y SEIS CÉNTIMOS			

Santa Comba, 3 de xaneiro de 2024

O alcalde

Alberto Romar Landeira

(Documento que se asina electronicamente)